

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

16351 *Real decreto 1335/2011, do 3 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas no rexistro comunitario e a oposición a elas.*

A normativa comunitaria sobre denominacións de orixe e indicacións xeográficas está contida fundamentalmente en tres corpos normativos claramente diferenciados, produtos vitivinícolas, bebidas espirituosas e todos os demais produtos agrícolas e alimenticios que, aínda que separados, teñen un réxime de protección análogo.

Por unha parte, o Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios, desenvolvido internamente polo Real decreto 1069/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas e a oposición a elas.

Doutra, o Regulamento (CE) n.º 110/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, relativo á definición, designación, presentación, etiquetaxe e protección das indicacións xeográficas de bebidas espirituosas e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 1576/89 do Consello.

E, por último, en materia vitivinícola, os artigos 118 bis a 118 tercicies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), de acordo coa redacción dada aos ditos artigos polo Regulamento (CE) n.º 491/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, polo que se incorpora no contido da OCM vitivinícola adoptado polo Regulamento (CE) n.º 479/2008, dedicados a denominacións de orixe, indicacións xeográficas e termos tradicionais, e aplicables desde o 1 de agosto de 2009.

Antes, no marco da anterior OCM vitivinícola, Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, non existía unha definición de denominación de orixe nin de indicación xeográfica nin tampouco, polo tanto, un procedemento comunitario para o seu rexistro. A política de calidade para os viños sustentábase na figura dos «viños de calidade producidos nunha rexión determinada -vcpd-», de carácter aberto, que debía ser completada polas normas nacionais de desenvolvemento; a regulación e aprobación das zonas concretas quedaba baixo a competencia de cada un dos Estados membros baixo formas xurídicas nacionais (denominación de orixe, denominación de orixe cualificada, etc.).

Na actualidade, tanto o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, como o Regulamento (CE) n.º 110/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, conteñen unha regulación das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas, e un procedemento de rexistro destas que gardan gran semellanza co contido do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, para os produtos agrícolas e alimenticios.

Deste modo, as solicitudes de protección das denominacións de orixe e indicacións xeográficas, para eses produtos, examínanse exclusivamente conforme as exigencias establecidas, respectivamente, nos regulamentos citados no parágrafo anterior.

É relevante para o caso o contido do artigo 118 septies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, que parte dun sistema de recoñecemento comunitario e que contén as pautas que se deberán seguir no procedemento nacional preliminar. Iso aconsella, tendo en conta os efectos xurídicos dos

regulamentos comunitarios de seren obrigatorios en todos os seus elementos e directamente aplicables en cada Estado membro, establecer un novo marco normativo que permita integrar nun mesmo procedemento as solicitudes das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas dos produtos que, conforme as disposicións comunitarias, contan cun sistema comunitario de protección da calidade diferenciada.

As normas comunitarias citadas establecen, dentro do trámite de inscrición nos rexistros comunitarios de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, unha fase previa que debe regular e levar a cabo cada Estado membro, denominada «procedemento nacional».

Este real decreto regula o dito procedemento nacional para denominacións de orixe e indicacións cuxo ámbito territorial exceda o dunha comunidade autónoma, ben que os artigos 9, 15.2, 17.2 e disposicións adicionais primeira e segunda serán aplicables tamén ás figuras de calidade diferenciada cuxo ámbito territorial se circunscriba a unha comunidade autónoma, dependentes polo tanto administrativamente da respectiva Administración autonómica.

Ademais, prevese a creación dunha mesa de coordinación da calidade diferenciada, como órgano colexiado de coordinación no exercicio das funcións das autoridades competentes en materia de calidade diferenciada vinculada a unha orixe xeográfica ou a unha tradición.

Finalmente, ademais da derogación do Real decreto 1069/2007, do 27 de xullo, derrógase o Real decreto 1126/2003, do 5 de setembro, polo que se establecen as regras xerais de utilización das indicacións xeográficas e da mención tradicional «viño da terra» na designación dos viños, cuxo contido foi substituído polas normas contidas na propia OCM vitivinícola e disposicións de desenvolvemento. Igualmente, derróganse o Real decreto 322/2000, do 3 de marzo, polo que se modifican as contías establecidas no número 2 do artigo 131 da Lei 25/1970, do 2 de decembro, do Estatuto da viña, do viño e dos alcohois, xa que coa súa derogación pola Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, o dito real decreto deixou de ter sustento legal, polo que é conveniente a súa derogación expresa, así como o Real decreto 998/2002, do 27 de setembro, polo que se establecen normas internas de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre certificación das características específicas dos produtos agrícolas e alimenticios.

Este real decreto foi sometido a consulta das comunidades autónomas e entidades representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da daquela ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto:

1. Establecer o procedemento nacional para a tramitación das solicitudes de inscrición nos respectivos rexistros comunitarios das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas dos produtos agrícolas e alimenticios, incluídos os produtos vinícolas, e das indicacións xeográficas de bebidas espirituosas, así como das solicitudes de modificación do prego de condicións das xa inscritas nos mencionados rexistros.

2. Establecer o procedemento nacional de oposición ás ditas solicitudes, con carácter previo á remisión destas á Comisión Europea.

3. A creación dunha mesa de coordinación da calidade diferenciada, como órgano colexiado de coordinación das autoridades competentes en materia de calidade diferenciada.

4. O previsto nos números 1 e 2 aplicarase ás figuras de calidade diferenciada cuxo ámbito territorial se estenda por máis dunha comunidade autónoma, sen prexuízo do

disposto nos artigos 9, 15.2, 17.2 e disposicións adicionais primeira e segunda, que serán aplicables, así mesmo, ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas cuxo ámbito territorial non exceda o dunha comunidade autónoma.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación:

1. Ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas a que se refire o artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e as denominacións dos produtos agrícolas e alimenticios.

2. Ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas a que se refire o artigo 118 ter do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), aplicadas ás categorías de produtos sinaladas nos números 1, 3, 4, 5, 6, 8, 9, 11, 15 e 16 do anexo XI ter do citado regulamento.

3. Ás indicacións xeográficas a que se refire o artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 110/2008 do Parlamento e do Consello, do 15 de xaneiro, relativo á definición, designación, presentación, etiquetaxe e protección das indicacións xeográficas de bebidas espirituosas e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 1576/89 do Consello.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto enténdese por:

«Prego de condicións»: documento en que quedan establecidas as condicións que debe cumprir un produto para obter a protección que se lles outorga ás denominacións de orixe ou indicacións xeográficas, que conteña os elementos especificados no artigo 4.2 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, ou no artigo 118 quáter.2 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, ou no artigo 17.4 do Regulamento (CE) n.º 110/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, segundo o produto de que se trate.

O dito documento denomínase «expediente técnico» no caso das indicacións xeográficas de bebidas espirituosas. Cando en diante se fale de prego de condicións estarase a facer referencia, se é o caso, ao expediente técnico.

«Agrupación ou grupo de operadores»: toda organización, calquera que sexa a súa forma xurídica ou a súa composición, de produtores e/ou de transformadores interesados no mesmo produto agrícola ou alimenticio, incluídos os produtos vinícolas ou as bebidas espirituosas; poderán formar parte da agrupación outras partes interesadas.

Artigo 4. *Solicitantes.*

1. A inscrición no correspondente rexistro comunitario ou modificación do prego de condicións poderá ser solicitada polas agrupacións ou grupos de operadores, ou en casos excepcionais -segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 607/2009 da Comisión, do 14 de xullo de 2009, polo que se establecen determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 479/2008 do Consello no que atinxe ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, aos termos tradicionais, á etiquetaxe e á presentación de determinados produtos vitivinícolas, e no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1898/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 510/2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios- por unha única persoa física ou xurídica que pretenda o recoñecemento dunha figura de protección de calidade diferenciada vinculada á orixe xeográfica dalgún dos produtos obxecto deste real decreto.

2. Os solicitantes deberán acreditar vinculación profesional, económica e territorial cos produtos para os cales se solicita a inscrición, ou a modificación do prego, pola súa condición de produtores e/ou transformadores que exercen a actividade no ámbito territorial relacionado coa denominación de orixe ou indicación xeográfica.

Artigo 5. *Forma e presentación da solicitude.*

1. Na solicitude de rexistro farase constar:

- a) Nome e enderezo do solicitante.
- b) Nome que cómpre protexer.

2. A dita solicitude de inscrición ou de modificación do prego de condicións dirixirase ao director xeral de Industria e Mercados Alimentarios do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e poderase presentar en calquera dos rexistros ou lugares a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 6. *Documentación anexa á solicitude.*

Á solicitude xuntarase a seguinte documentación:

1. Un estudo xustificativo da solicitude de rexistro, co contido que se sinala no artigo seguinte.

2. Un prego de condicións ou expediente técnico que conterá, como mínimo, os elementos especificados no artigo 4.2 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, ou no artigo 118 quáter.2 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, ou no artigo 17.4 do Regulamento (CE) n.º 110/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, segundo o produto de que se trate.

3. Un documento único que será un resumo do prego de condicións, conforme o sinalado no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, e no artigo 118 quáter.1 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007.

4. No caso de solicitude de modificación do prego de condicións, deberase incluír unha versión do prego de condicións e do documento único onde se sinalen os cambios que se propoñen.

Artigo 7. *Estudo xustificativo da solicitude.*

O estudo xustificativo da solicitude de rexistro a que se refire o artigo anterior versará sobre o nome que cómpre protexer e conterá, polo menos, os seguintes datos:

1. Acreditación do uso e notoriedade do nome en relación coa comercialización do produto.

2. Xustificación de que o nome é suficientemente preciso e está relacionado coa zona xeográfica que se vai delimitar.

3. Informe da Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) e informe elaborado con base nos rexistros da Oficina de Harmonización do Mercado Interior (OAMI), sobre a existencia ou non de marcas rexistradas relacionadas co nome da denominación de orixe ou a indicación xeográfica.

4. O estudo xustificativo non será necesario no caso de solicitude de modificación do prego de condicións, salvo que a modificación afecte o nome que cómpre protexer.

Artigo 8. *Comprobación das solicitudes.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Industria e Mercados Alimentarios do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en coordinación coas comunidades

autónomas afectadas, realizar as comprobacións a que se refire o artigo 5.4 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, ou o artigo 118 septies.3 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, segundo corresponda, para o caso de solicitudes de inscrición, ou aquelas outras a que se refire o artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, ou o artigo 118 octodecies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, segundo corresponda, para o caso de solicitudes de modificación, ou ben, para calquera de ambos os dous casos, as comprobacións que se considere oportunas se se trata de bebidas espirituosas.

2. A Dirección Xeral de Industria e Mercados Alimentarios do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, remitirá as solicitudes de inscrición ou de modificación aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas para o seu informe no prazo de trinta días naturais, contados desde a recepción da súa petición, en cumprimento do deber de colaboración entre administracións públicas.

3. Unha vez recibidos os informes dos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas, ou transcorridos os prazos para emitilos, e logo de consulta á Mesa prevista no artigo 18, o director xeral de Industria e Mercados Alimentarios do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño resolverá motivadamente, sen que esta resolución poña fin á vía administrativa.

Contra a dita resolución poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. A resolución anterior deberase producir no prazo de seis meses contados desde a presentación da solicitude.

A falta de resolución por silencio administrativo terá efecto desestimatorio por afectar o recoñecemento dun ben de dominio público.

5. Se a resolución é favorable iniciarase o procedemento de oposición. Se, pola contra, é desfavorable, a agrupación poderá presentar, se é o caso, unha nova solicitude adaptada ao contido da resolución.

Artigo 9. *Publicidade da solicitude.*

O órgano competente da comunidade autónoma ou o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, segundo o caso, publicará no «Boletín Oficial del Estado» un anuncio da solicitude de rexistro ou de modificación do prego e, polo menos, nunha páxina web oficial, o prego de condicións e o documento único do produto. O anuncio publicado no «BOE» deberá incluír o enderezo da dita páxina web, onde se encontrarán estes documentos.

Artigo 10. *Prazo para a presentación das declaracións de oposición.*

No prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a que se refire o artigo anterior, calquera persoa física ou xurídica establecida ou que resida legalmente en España, cuxos lexítimos dereitos ou intereses considere afectados, poderase opor ás solicitudes mediante a correspondente declaración de oposición, debidamente motivada, dirixida ao citado ministerio.

Artigo 11. *Causas de oposición.*

Logo de comprobación do dereito ou interese lexítimo aducido, sen cuxo concurso o procedemento se dará por finalizado, a declaración de oposición só será estimada se se dá, polo menos, un dos supostos seguintes:

a) Que se demostre o incumprimento das condicións que deben reunir as denominacións de orixe e as indicacións xeográficas para seren consideradas como tales, segundo as definicións contidas no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, para produtos agrícolas e alimenticios, ou no artigo

118 ter do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, para produtos vínicos, ou no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 110/2008 do Parlamento e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, para bebidas espirituosas.

b) Que se demostre que o rexistro do nome proposto podería inducir a erro ao consumidor por entrar en conflito co nome dunha variedade vexetal ou dunha raza animal, por existir unha denominación total ou parcialmente homónima ou por afectar a reputación dunha marca, de conformidade co establecido no artigo 3, números 2, 3 e 4, do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, ou que se demostre que, conforme o artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 607/2009 da Comisión, do 14 de xullo de 2009, se dá algunha situación das previstas nos artigos 118 undecies.1, 118 undecies.2, 118 duodecies.2 e 118 quaterdecies.2 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, ou, de ser o caso, das previstas nos artigos 19 ou 23.3 do Regulamento (CE) n.º 110/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008.

c) Para o caso dos produtos a que se aplica o Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, que se demostre que o rexistro do nome poría en perigo a existencia dunha denominación total ou parcialmente homónima ou dunha marca rexistrada ou a existencia de produtos que se estivesen a comercializar legalmente durante polo menos os cinco anos anteriores á data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» da solicitude de inscrición e do documento único.

d) Que se demostre que o nome cuxo rexistro se solicita ten carácter xenérico porque pasou a ser o nome común dun produto agrario ou alimenticio, incluídos os produtos vínicos, ou dunha bebida espirituosa.

Artigo 12. *Petición de informes.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño solicitará informe ás comunidades autónomas afectadas territorialmente, que o emitirán no prazo de trinta días naturais, contado desde a recepción da súa petición.

Artigo 13. *Resolución do procedemento de oposición.*

1. Unha vez recibidos os informes dos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas ou transcorrido o prazo para emitilos, e logo de consulta á Mesa de Coordinación da Calidade Diferenciada prevista no artigo 18, o director xeral de Industria e Mercados Alimentarios do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño resolverá o procedemento de oposición, que non porá fin á vía administrativa.

2. A resolución adoptada será motivada en todo caso e notificada ao solicitante da inscrición ou da modificación do prego de condicións e a cantos se opuxesen a ela.

Igualmente, comunicaráselles esta ás comunidades autónomas afectadas.

3. A resolución favorable ao rexistro da denominación de orixe ou indicación xeográfica ou á modificación do prego de condicións publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

Igualmente, o prego de condicións e o documento único do produto publicaranse na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. A resolución publicada no «BOE» deberá incluír o enderezo da dita páxina web, onde se encontrarán estes documentos.

Artigo 14. *Prazo máximo de duración do procedemento de oposición.*

1. O prazo máximo para resolver o procedemento de oposición e notificar a resolución será de seis meses, contados desde a finalización do prazo de presentación das declaracións de oposición, prazo que se poderá suspender nos supostos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Transcorrido o prazo máximo de duración do procedemento de oposición sen que se ditase e notificase a correspondente resolución, a solicitude de rexistro entenderase desestimada por afectar o recoñecemento dun ben de dominio público.

Artigo 15. *Transmisión das solicitudes á Comisión Europea.*

1. Resolto o procedemento de oposición e publicada a resolución favorable no «Boletín Oficial del Estado», o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño transmitirá a solicitude de inscrición ou de modificación do prego de condicións á Comisión Europea a través da canle establecida. A realización da dita transmisión será comunicada ás comunidades autónomas afectadas e á agrupación solicitante.

2. No caso dunha denominación de orixe ou indicación xeográfica cuxo ámbito territorial non exceda o dunha comunidade autónoma, resolto o procedemento de oposición e publicada a resolución favorable polo seu órgano competente, este comunicarllo ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para os efectos da transmisión da solicitude de inscrición ou de modificación do prego de condicións á Comisión Europea, a través da canle establecida. A realización da dita transmisión será comunicada á comunidade autónoma.

Artigo 16. *Oposición a solicitudes presentadas por agrupacións doutros Estados membros ou de países terceiros.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 7.2 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, as persoas físicas ou xurídicas establecidas ou residentes en España poderán presentar ante o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño unha declaración de oposición ás solicitudes presentadas por agrupacións doutros Estados membros ou países terceiros, no prazo de tres meses a partir da data de publicación da dita solicitude no «Diario Oficial de la Unión Europea», prevista no artigo 6.2 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo.

2. Dentro dos quince días naturais seguintes á data de recepción das declaracións de oposición, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño transmitirá as ditas declaracións aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas, co obxecto de que no prazo de quince días naturais desde a súa recepción emitan as súas observacións.

Artigo 17. *Protección nacional transitoria.*

1. Unha vez que a solicitude de rexistro dunha denominación de orixe ou indicación xeográfica fose transmitida á Comisión Europea, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderalle conceder a protección nacional transitoria, o cal comportará a publicación do seu prego de condicións no «Boletín Oficial del Estado».

2. No caso dunha denominación de orixe ou indicación xeográfica cuxo ámbito territorial non exceda o dunha comunidade autónoma, a dita concesión e a publicación no «Boletín Oficial del Estado» realizaraas o órgano competente da comunidade autónoma de que se trate.

Artigo 18. *Mesa de Coordinación da Calidade Diferenciada.*

1. Créase a Mesa de Coordinación da Calidade Diferenciada, adscrita á Dirección Xeral de Industria e Mercados Alimentarios do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2. Terá como fins actuar como órgano de coordinación coas autoridades competentes das comunidades autónomas en materia de denominacións de orixe, indicacións xeográficas e especialidades tradicionais garantidas, desempeñando as funcións de asesoramento e coordinación que se lle encomenden e, en particular, no relacionado coa aplicación deste real decreto.

3. A Mesa estará integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o titular da Subdirección Xeral de Calidade Diferenciada e Agricultura Ecolóxica da Dirección Xeral de Industria e Mercados Alimentarios.

b) Vicepresidente: un funcionario da Subdirección Xeral de Calidade Diferenciada e Agricultura Ecolóxica, que ocupe, polo menos, o posto de xefe de servizo.

c) Vogais: un representante por cada comunidade autónoma e un representante da Subdirección Xeral de Política Comercial da Unión Europea do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

d) Secretario: un funcionario da Subdirección Xeral de Calidade Diferenciada e Agricultura Ecolóxica que ocupe, polo menos, o posto de xefe de sección.

4. Se os temas que se van tratar afectaren as competencias das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, poderase incorporar á Mesa como vogal un representante por cada unha delas.

Poderán tamén participar outros funcionarios das comunidades autónomas, da Subdirección Xeral de Calidade Diferenciada e Agricultura Ecolóxica ou doutras subdireccións do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, con voz pero sen voto.

5. A Mesa poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento. En todo o non previsto nestas, aplicarase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A Mesa reunirse mediante convocatoria do seu presidente ou por solicitude de, polo menos, tres dos seus membros e, como mínimo, unha vez ao semestre.

6. Son funcións da Mesa de Coordinación da Calidade Diferenciada:

a) Informar sobre a solicitude de rexistro ou de modificación do prego de condicións das denominacións de orixe ou indicacións xeográficas, e sobre as oposicións a esta, cando o seu ámbito xeográfico se estenda a máis dunha comunidade autónoma. Neste caso só serán convocadas as comunidades autónomas territorialmente afectadas.

b) Propor as medidas necesarias que aseguren o funcionamento coordinado da tramitación de solicitudes de protección de figuras de calidade diferenciada.

c) Acordar criterios coordinados para o exercicio das actividades de control oficial antes da comercialización dos produtos acollidos a unha figura de protección de calidade diferenciada.

d) Efectuar as tarefas de estudo e asesoramento que se precisen para adaptar a normativa nacional sobre calidade diferenciada ás necesidades que xurdan e que contribúan a fixar a posición española en asuntos relacionados coa materia, ante organizacións internacionais.

e) Acordar a constitución de grupos de traballo específicos.

f) Calquera outra relacionada coa coordinación da xestión das figuras de protección de calidade diferenciada.

7. Os gastos en concepto de indemnizacións por realización de servizos que se orixinen pola participación dos integrantes da Mesa en reunións serán por conta das súas respectivas administracións.

Disposición adicional primeira. *Publicidade das denominacións preexistentes.*

Os pregos de condicións das denominacións preexistentes vinícolas citados no artigo 118 vices do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, e os expedientes técnicos das indicacións xeográficas preexistentes de bebidas espirituosas, citados no artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 110/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, serán publicados nunha páxina web oficial.

Disposición adicional segunda. *Termos tradicionais.*

No caso das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas de viños, os termos tradicionais a que se refire o artigo 118 duovices.1a) do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, son: «viño de calidade con indicación xeográfica», «denominación de orixe», «denominación de orixe cualificada», «viño de pagamento», «viño de pagamento cualificado», e «viño da terra», conforme a súa regulación específica.

Segundo se establece no artigo 118 sexvicies.3.a) do citado regulamento, tales mencións tradicionais poderán substituír na etiquetaxe dos viños, segundo o caso, as expresións «Denominación de orixe protexida» ou «Indicación xeográfica protexida».

Disposición transitoria única. *Tramitación de solicitudes anteriores.*

As solicitudes cuxa tramitación se iniciase antes da data de entrada en vigor deste real decreto continuarán os procedementos previstos no Real decreto 1069/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, e a oposición a elas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogadas as seguintes disposicións:

Real decreto 1069/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, e a oposición a elas.

Real decreto 1126/2003, do 5 de setembro, polo que se establecen as regras xerais de utilización das indicacións xeográficas e da mención tradicional «viño da terra» na designación dos viños.

Real decreto 322/2000, do 3 de marzo, polo que se modifican as contías establecidas no número 2 do artigo 131 da Lei 25/1970, do 2 de decembro, do Estatuto da viña, do viño e dos alcohois.

Real decreto 998/2002, do 27 de setembro, polo que se establecen normas internas de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre certificación das características específicas dos produtos agrícolas e alimenticios.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para ditar, no ámbito da súa competencia, as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e cumprimento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO